

PFPP 2015/16

Diseñando tareas integradas



C.R.A. de Narón

ALIMENTÁMONOS BEN

INDICE :

1.IDENTIFICACIÓN.....	3
2. CONCRECIÓN CURRICULAR.....	4
3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA.....	11
4. AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES.....	16
5.RÚBRICA DE AUTO E HETEROAVALIACIÓN DO DESEÑO DA UDI.....	19

1.IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA	ALIMÉNTOME BEN
-------------------------	-----------------------

ETAPA	EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEL	2º E. P.
ÁREA/S	Lingua galega/ Matemáticas/Ciencias Naturais/Educación física	MESTRES	Equipo docente de 2º

DESCRICIÓN DA TAREFA:

Fomento da alimentación e hábitos saudable , elaborando un menú degustación para o recreo , unha carreira de orientación e un libro de receita saudable para as familias

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Dado que na aula a que vai dirixida a UDI hai unha meirande parte do alumnado que consumen só un número moi reducido de alimentos e non teñen conciencia da importancia dunha alimentación saúdale, consideramos como obxectivo primordial promover hábitos dirixidos a unha alimentación saúdale e equilibrada acompañada de unha actividade física periódica.

CONTEXTO:

Desenvolverase no contexto educativo da Escola de O Val.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
DEBATE	CNB 1.2.1.utiliza estratexias para traballar de forma individual e ee equipo e respecta aos compañeiros/ o material e as normas de convivencia	CNB2.2.1.Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención	CNB2.2.2relaciona o exercicio físico , o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde
CONSULTA SOBRE HÁBITOS ALIMENTICIOS E DIETAS SAUDABLES	CNB2.2.1.Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención	CNB2.2.2relaciona o exercicio físico , o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde	CNB 5.2.2 emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso
FACER A LISTA DA COMPRA	CNB 2.3.1 identifica os alimentos diarios necesarios e os aplica no menú semanal de merendas na escola	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	LGB 3.1.4 Aplica de maneira xeral, as regras ortográficas, con especila atención ao uso das maiúsculas.
MERCAMOS	MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas		
MONTAMOS O BUFETE	CNB5.1.3		
DEGUSTACIÓN	EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.		

ORIÉNTATE POLA SAÚDE	MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	▪ EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos. ▪ EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.	
BÚSQUEDA DE RECEITAS SAÚDABLES	MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.		
O NOSO LIBRO DE RECEITAS	LGB 3.1.1 Produce e reescribe textos realtivos a situación cotiás infantis como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais destes textos.	LGB 3.1.4 Aplica de maneira xeral, as regras ortográficas, con especila atención ao uso das maiúsculas.	

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

AREA DE CIENCIAS NATURAIS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES/COMPETENCIAS	ACTIVIDADES
▪ B1.5. O traballo cooperativo. ▪ B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual. ▪ B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.	▪ B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	▪ CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE	DETERMINACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS ORIENTATE POLA SAÚDE
▪ B2.6. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. ▪ B2.7. Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen.	▪ B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	▪ CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a ▪ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. súa prevención. ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA	DETERMINACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS XOGOS INTERACTIVOS
▪ B5.5 Coidado dos recursos informáticos	▪ B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso	▪ CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. ▪ CMCCT ▪ CD	XOGOS INTERACTIVOS

▪ B2.8. Pirámide alimentaria. ▪ B2.9. Alimentos diarios necesarios. ▪ B2.10. Análise de costumes na alimentación diaria.	▪ B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	▪ CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola. ▪ CMCCT	LISTA DA COMPRA O NOSO LIBRO DE RECEITAS
▪ B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade evitando estereotipos sexistas. ▪ B5.3. Prevención de riscos no emprego de máquinas e aparellos de uso cotián.	▪ B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	▪ CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas. ▪ CMCCT ▪ CSC	MONTAMOS O BUFETE

AREA DE MATEMÁTICAS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES/COMPETENCIAS	ACTIVIDADES
B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe	B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.	MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas. CMCT CD CAA	REALIZACIÓN DE XOGOS INTERACTIVOS
▪ B2.12. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental. ▪ B2.13. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.	▪ B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	▪ MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. CMCT CAA	ELABORACIÓN DA LISTA DA COMPRA

B2.21. Resolución de problemas da vida cotiá.	B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	- MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. - MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto CMCT CAA.	ELABORACIÓN DA LISTA DA COMPRA MERCAMOS
B3.11. Resolución de problemas de medida.	B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	- MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida. - MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.sinxelos de medida. CAA CSC CMCT	ELABORACIÓN DA LISTA DA COMPRA
- B3.8. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro Valor das diferentes moedas e billetes. - B3.9. Manexo de prezos de artigos cotiáns	B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea	MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. CMCT	MERCAMOS

B4.8. Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios sinxelos. B4.9. Uso de vocabulario xeométrico para describir itinerarios.	B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos. CMCT CAA	ORIÉNTATE POLA SAÚDE

AREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES/COMPETENCIAS	ACTIVIDADES
B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.	B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. CSC CCEC CAA	ORIÉNTATE POLA SAÚDE
B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física	B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. CSC CSIEE CAA	ARRINCAMOS BUFETE

B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas	B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	▪ EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos. ▪ EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. CSC CSIEE CAA	ORIENTATE POLA SAÚDE XOGOS INTERACTIVOS
--	---	--	--

AREA DE LÍNGUA GALEGA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES/COMPETENCIAS	ACTIVIDADES
B1.8 Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuados	B1.8 Interésase por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB 1.8.1 Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada en cada acto comunicativo e propia da lingua galega. CCL, CAA, CCEC	ARRINCAMOS
B 3.3 Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descrições, explicacións elementais)	B3.1 Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situación cotiás infantis, aqueles propios dos medios de comunicación e os relacionados coa escola.	LGB 3.1.1 Produce e reescribe textos relativos a situación cotiás infantis como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais destes textos. CCL, CSIEE, CAA	LIBRO DE RECEITAS

B3.4 Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das miúsculas e o punto.	B3.1	LGB 3.1.4 Aplica de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. CCL	LISTA DA COMPRA E RECEITAS
---	------	--	----------------------------

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

	ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
ARRINCAMOS	★Determinación de coñecimentos previos	Dividida a clase en grupos de 4 ,charla-debate por grupos sobre as seguintes preguntas: (cada grupo 1 pregunta) -Que é a obesidade e consecuencias da mesma -Hábitos saudables. -Hábitos pouco saudables. -Alimentos beneficiosos e perxudiciais	Exposición de ideas e charla-debate entre todos os grupos para exponer as conclusión ás que chegou cada grupo.		
	★Realización de xogos interactivos	Consulta sobre hábitos alimenticios e dietas saudables na páxina www.conlacomidasisejuega.org	Realización das actividades propostas nesa mesma páxina		

I M O S D E C O M P R A	★ Elaboración da lista da compra	Exercicios prácticos de manipulación e comparativos coas unidades de medida de peso e capacidade.	Partindo todos do mesmo folleto publicitario , cada grupo selecciona os alimentos preferidos para levar a cabo un almorzón saudable no recreo	Posta en común para determinar os alimentos definitivos que mercará cada grupo en función do presuposto	Unha vez decidida no grupo, cada un suma e pon en común
					Escribir a lista definitiva co prezo
	★ Mercamos	Por grupos, mercar e pagar os alimentos seleccionados asignados ao grupo.			
E L A B O R A M O S O M E N Ú	★ Montamos o bufete	Entre todos os alumnos e mestres,móntar unha ringleira de mesas,cubrir con mantel e colocar os alimentos mercados			
	★ Aseo e recollida dos manxares	Lavar as mans .	Montar a bandexa segundo a indicación : 1 lácteo+1 cereal+1froita		
	★ Degustación do almorzo	Comer coas normas de corrección social.			
	Oriéntate pola saúde	A cada grupo cunha cor asignada previamente , se lle entrega un mapa da zona no que están marcados 3 lugares diferentes para cada equipo , no que atoparán en cada un deles unha palabra agochada da cor do seu	Entre todos no chan , formaremos a frase resultante “SE MOI FORTE E SAN QUERES MEDRAR ,BEN TE TES QUE ALIMENTAR “		

O N O S O L I B R O d e R E C E I T A S		equipo.			
	O noso mantel	Escribir a frase nun A-3	Decorar e/ou ilustrar a frase para facer un mantel individual		
	Búsqueda de receitas saudables	-Coas pautas dadas traer da casa ,unha receita da cociña familiar : Non traer todos postres. Algo de peixe,deverdura,etc	-En grupos de 4 clasificar coas cores do semáforo segundo sexan máis ou menos saudables		
	O noso libro de receitas	-Consulta de diferentes libros de receitas para ver distintos tipos de clasificación dos platos, como inspiración á hora de confeccionar o noso da clase	-Deseño do noso libroDebate para chegar a un acordo para elixir a clasificación máis axeitada	-Clasificación das receitas segundo o modelo elixido	-Escritura, ilustración e encuadernación para levar á casa

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

	ACTIVIDADES	MODELO DE PENSAMENTO	MODELO ENSINANZA	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECUSOS DIDÁCTICOS	TEMP.
ARRINCAMOS	Determinación de coñecimentos previos	Crítico Práctico Deliberativo	Traballo cooperativo : Folio xiratorio	Aula	Grupos cooperativos	Folios e lápices	25 minutos aprox
	Realización de xogos interactivos	Deliberativo práctico	Social e cognitiva	Aula	Parellas	Ordenador Conexión a internet PDI	30 minutos aprox
IMOS DE COMPRAS	Elaboración da lista da compra	Deliberativo Páctico	Traballo cooperativo	Aula	Grupos cooperativos Traballo individual	16 Folletos publicitarios iguais Pizarra,lápiz, papel	2 sesións
	Mercamos	Práctico	Social e condutual	Cooperativa do Val (enfrente da Escola)	Grupos cooperativos	Humanos	40 minutos
ELABORAMO SO MENU	Montamos o bufete	Práctico	Social	Patio cuberto ou clase		Mesas , manteis, vasos, pratos e recursos humanos	10 minutos
	Aseo e recollida dos manxares		Condutual	Aseos Patio cuberto ou clase	Individual	Agua,xabón, alimentos	15 minutos

	Degustación do almorzo			Patio cuberto	Gran grupo	Humanos e alimentos	20 minutos
GINKANA SAUDABLE	Oriéntate pola saúde	Páctico reflexivo deliberativo	Social,cognitiva,cooperativo	Arredores do colexio	Grupos cooperativos	Mapa con pistas	20 minutos
	O noso mantel	Práctico Creativo	Ap.aberto	Clase	Individual	Papeis Din A-3 Ceras e rotuladores Plastificadora	20 minutos
LIBRO DE RECEITAS	Búsqueda de receitas saudables	Páctico reflexivo deliberativo	Social ,cognitiva	Ámbito familiar	Individual	Humanos e material fungible	3 días
	Deseño do noso libro	Práctico Creativo	Social,cooperativo	Clase	Grupos cooperativos	Libros de cocíña	20 m?

ARRINCAMOS

Estándar: CNB2.2

+	A	B	C	D	-	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
	Identifica e valora todos os hábitos saudables para previr enfermidades.	Identifica e valora algúns hábitos saudables para previr enfermidades.	Identifica pero non valora todos os hábitos saudables para previr enfermidades.	Non identifica e valora os hábitos saudables para previr enfermidades.		Debate Outras técnicas
	Identifica os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde	Identifica a maioría dos efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde	Identifica algún dos efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde	Non identifica os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde		

Estándar: LGB 1.8.1

+	A	B	C	D	-	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
	Utiliza de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender escoitando activamente	Utiliza de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse pero non aprende escoitando activamente	Non utiliza de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse pero aprende escoitando activamente	Non utiliza de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender escoitando activamente		Debate Outras técnicas

Estándar: CNB 1.2.1

INSTRUMENTO AVALIACIÓN

Escala de autoavaliación	Respeté aos meus compañeiros/as
--------------------------	---------------------------------

IMOS Á COMPRA						
Estándar: MAT 2.3.1						
+	A	B	C	D	-	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
	Utiliza e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, con números naturais de ata tres cifras .	Utiliza e automatiza con erros ocasionais algoritmos estándar de suma, resta, con números naturais de ata tres cifras	Utiliza pero non automatiza algoritmos estándar de suma, resta, con números naturais de ata tres cifras	Non utiliza e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, con números naturais de ata tres cifras		Lista de cotexo /rúbrica Recoller a folia de cálculo individual e comprobar se fixeron ben o cálculo

ELABORAMOS O MENÚ	
Estándar: CNB2.3.1	
INSTRUMENTO AVALIACIÓN	
Proba escrita de clasificación	

NA BUSCA DA FRASE PERDIDA	
INSTRUMENTO AVALIACIÓN	
Lista de cotexo	Conseguíron si non
Escala de observación	Seguiu aos compañeiros Estivo atento/a Estivo cooperador

O NOSO LIBRO DE RECEITAS						
Estándar: LGB 3.1.1 LGB 3.1.4						
+	A	B	C	D	-	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
	Escribe textos sinxelos organizando as ideas con claridade e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas	Escribe textos sinxelos con dificultades para organizar as ideas con claridade pero respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas	Non escribe textos sinxelos organizando as ideas con claridade aínda que respecta ,con algún erros as normas gramaticais e ortográficas básicas	Non escribe textos sinxelos organizando as ideas con claridade nin respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas		

Rúbrica de auto e heteroavaliación do deseño de Unidades Didácticas Integradas

Indicador de avaliación	Niveis de logro*				Observacións do avaliador
	A	B	C	D	
Identificación. No documento de programación aparece o título da unidade didáctica, a etapa, o ciclo e o nivel aos que vai dirixida; o/as área/s implicada/s e unha clara descrición do contexto en que xurdiu e se vai levar a cabo.	X				
Estrutura da Tarefa(s) da UDI. A formulación das tarefas determina con total claridade o produto final que resolve o problema ou a situación práctica que cada unha delas describe. O produto que desenvolve está claramente diferenciado de contidos e doutros elementos curriculares e permite a participación do alumnado que o realiza nunha práctica social relevante.		X			
Estrutura da Tarefa(s) . Secuencia de actividades. Todas as actividades producen unha resposta diferenciada en cada alumno e permiten variedade de respostas correctas. A secuencia de actividades é: ● Completa, porque conduce ordenada e exhaustivamente á elaboración do produto final. ● Diversa, porque queda patente o emprego e desenvolvemento de diferentes tipos de pensamento e de diferentes tipos de contidos. ● Inclusiva, porque permite a práctica de alumnado con diferentes niveis curriculares e porque está vinculada a exercicios de diferente nivel de consecución que permiten diferentes graos de participación na práctica		X			

social.					
Estrutura da Tarefa(s) . Selección de exercicios. Todos os exercicios supoñen unha resposta prefixada que se dá repetidamente cando o alumnado os realiza correctamente. Os exercicios permiten a práctica suficiente dos coñecementos requiridos para realizar cada actividade con corrección. Hai exercicios que reforzan contidos previos, básicos e de ampliación.			X		
Concreción curricular. O documento detalla o conxunto de obxectivos didácticos/ Estándares da UDI, obtidos do Decreto da Comunidade Autónoma.	X				
Transposición didáctica. Especificación de tipos de pensamento e modelos de ensino. Especificáronse correctamente todos os tipos de pensamento implicados na secuencia de actividades. Os modelos de ensino e as estratexias metodolóxicas seleccionadas para cada actividade contribúen efectivamente ao desenvolvemento dos tipos de pensamento identificados.				X	Seguimos tendo dúbidas ao respecto
Transposición didáctica. Recursos, escenarios e temporalización. Detalláronse todos os recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento de cada actividade. En cada actividade especifícanse os escenarios e concrépanse os diferentes agrupamentos do alumnado. Indícase o período para o que a UDI se programou dentro da programación anual. Determináronse con precisión o número de sesións para o desenvolvemento da secuencia de actividades. A temporalización inclúe o tempo dedicado ás actividades de avaliación.		X			
Valoración das aprendizaxes. Concretáronse os instrumentos de avaliación para cada un dos indicadores (estándares) implicados na tarefa. Realizáronse as rúbricas dos indicadores de avaliación (Estándares). Os rangos		X			

descritos están debidamente detallados e axústanse aos diferentes niveis de adquisición. Programáronse as actividades de avaliación e estas foron debidamente temporalizadas no contexto da tarefa. Formulouse o deseño de avaliación da tarefa para que resulte unha cualificación da área e de cada unha das competencias traballadas.					
Colaboración coas familias. O deseño da tarefa especifica as actividades de participación das familias no seu desenvolvemento. Explicita un cronograma xunto cos mecanismos e instrumentos de información e colaboración			X		
Documento de programación. O documento de programación facilita pola súa orde e claridade a comprensión visual da información que contén e inclúe todos os elementos da estrutura da UDI. Igualmente inclúe de xeito detallada e exhaustiva toda a información necesaria para que o profesorado que a deseñou organice o desenvolvemento da UDI axeitadamente. Ademais facilita que profesorado diferente do que a programou poida replicala sen solicitar información adicional.	X				

(*) Niveis de logro: Excelente (A) – Moi completa (B) – Suficiente (C) – Incompleta (D).

